

MAL DE STENDHAL

Sempre gostei de arrincarme as bostelas
e saudar o sangue coagulado que emana delas.
Nas clases de Latín non teño DNI.
Falo coa miña nai mentres estou sentada no bidé,
dime que teño que pasar páxina.
Miro atrás e compórtome como unha señora
de cincuenta anos.
Non creo que a memoria che diga
o nome das cousas.
Eurídice parolaba con Calígula
e o seu espellismo é o monótono recordatorio diario
que aviva a miña perda.
Entreguei a autorización para a excursión do martes,
pero aínda estou tirada nunha beirarrúa de Mérida.

250 PALABRAS

Non sei facer un comentario crítico,
só escribirche
un penoso verso.
O meu historial médico será o seguinte
que leas
mentres tomas o café con sacarina.
Para intentar afiar os ósos
ás veces a miña mesa parece un vertedoiro.
Dei positivo e copiei as chuletas
que non eran.
Pregúntome se alguén viu
como case me dei un lapote.
Ela escoitoume falar de Pigmalión,
o único bo desta semana.
Cústame caro acompañar a xente
no sentimento,
Antía di que é difícil.
Tentaron reducirme a condena
pero mentín e dixen
que eu tamén sería un verdugo.
Creo que foi Castelao
o que me advertiu sobre os caciques.

A ORELLA DE GAUGUIN

Narciso afógase na auga cristalina da lúa
mentres que os días caen
sementando o pánico.

Vexo postas de sol que se confunden
con glóbulos vermellos.

E esa luz dourada refléxase en barrotes
pintados de branco.

Mentres a fauna desfalece.

Van Gogh está triste e corta
a outra orella.

Caen bágoas de prantos sobre os tellados
de Florencia.

ENTE CRANEAL

Senteime naquela fogueira e vin arder a Stalin.
Cando os nenos cargaban mísiles
Entón parei na estrada
e os coches pasaban a ambos lados.
Aburriame da sociedade de clase alta,
e plantei a miña vella randeeira na beira do tellado.
Non, eu non formaba parte desa monarquía
e supoño que foi a desesperación coagulada
a que emanou da miña cabeza.
Eu, culpable inconsciente dos meus delitos "femeninos".
Pensadora homicida, ocupante de terreos sen nome.
Furia nun ataúde cravado na parede.
Vin os seus corpos retorcidos nun berro soporífero
e as súas miradas cravadas baixo sonámbulas pálpebras sen carne.

DAFNE

Agora somos ecos nas puntas dos dedos
Ora siamo echi nella punta delle dita
que percorren as palabras
che percorrono le parole
dun libro acabado
di un libro finito.
Outra vez
Un'altra volta.
Falando entre o silencio
Parlando tra il silenzio
e os pensamentos
e i pensieri.
Estou na noite
Sono nella notte
silenciosa e perdida
zitta e perduta,
lonxe dos teus ollos
lontana dei tuoi occhi.
Que me falaban
Che mi parlavano
Sen necesidade de palabras
senza bisogno di parole.
Pasas ao redor, mentres eu tento pensar
Passi in giro, mentre io cerco di pensare
noutras musas
in altre muse.
Agora serás un loureiro
Ora sarai un alloro
que se ri de min no camiño
che si ride di me nel percorso.
Non consigo atopar o verso para o final.
Non riesco a trovare il verso per finire.